

"OS PROFUGOS DO SACHO"

O tradizoal antipatriotismo e falta de senso evanxélico do clero galego, amostrado ó traveso de varios séculos do noso pasado histórico, está novamente a se pór de releu no intre aitual, na aitude de oposición ó emprego do idioma vernáculo de Galiza nos oficios da liturxia, tal como o dispuxera o Concilio Vaticano II e fora non fai moito aprobado polas autoridades xerárquicas das diócesis da nosa Terra; o que amostra unha vez mais, que os nosos cregos rurales son incapaces de se soerguer do seu tradizoal antigaleguismo, contumace e virulento; polo que o agguornamento da irexa non logrará entrar nas suas moleiras estragadas polo ensino do Seminario mal deprendido e peor asimilado.

Se os prelados de Galiza coídan que con decír algunhas misas en galego nas mais importantes cidades do noso país pra minorías cultas, xa están cumprindo coas suas obrigas patrióticas e coas novas disposicións aprobadas estan talmente trabucados. A Galiza verdadeira, a xenuína e maioritaria; non se atopa nas nosas cidades e vilas, senón na parroquia rural; eis ahí onde a voce do oficiante ten que ser ouvida nos patrios acentos, pra que entre doadamente na sua concencia e xerarquice o seu natural sentimento de patria; negarse a elo é un novo agravio que se lle fai ó noso mundo labrego, millor dito á Galiza toda, refugando das suas irexas o atributo mais entranabel do seu tesouro cultural cal é o idioma: Quéns por razóns de orixen, convivencia e oficio, mais obrigados están ou debían estar a sua dinificación i-espellamento. Lamentablemente non acontece así, posto que o crego das nosas parroquias rurales, pese o seu orixe labrego na maioría dos casos, en canto troca o sacho polo Seminario, convírtese no mais torpe e teimudo axente de degradación patriótica e-o mundo de onde procede, soio lle intresa na medida en que lle ofrece quións doados á sua avaricia, e desbordes gastro-nómicos á sua gula.

A irexa galega, que como todo poder confesional axeitamente enroitado debe ficar ó servício do seu Deus e do seu povo nada fixo endexamais en favor da nosa Terra; pola contra, Galiza ten padecido nos derradeiros séculos unha aceda e degradante experiencia histórica do seu negativo aicionar ó servício do centralismo mesetano; non somentes nemigo dos seus fueros e dereitos, senon tamén depredador do seu poder económico. O clero rural galego, endexamais soupo ser fidel intérprete da doutrina cristián que teima representar no que ela ten de mesiánica, de elevación do home até Deus. Pola contra, a aitude enti galega que amostra a cotío como no caso que comentamos, está probando que constituí un enquistamento tumoral no ser do noso país, hacia o cal amostra unha non disimulada hostilidade, da que resulta vítima a feligresía destinatária da sua doutrina.

Non, os nosos cregos non representan o evanxeo, de Cristo no que ele contén de anceios de redención, de fradernidade e comprensión das debilidades humáns; pola contra, é a imaxe do poder despótico o represivo do centralismo asovallador, con todas as suas laceiras antipopulares: caciquismo, usura, analfabetismo, emigración, miseria... Nada ten pois de estrano que a cregaxe rural galega endexamais lle inspire ó noso povo un sentimento de fraderna simpatía, de comunicación, de convivencia aberta e sincera; senón pola contra: de intimidación, temor ou castigo; posto que, en canto aboiba no sentimento popular algún afán de lexítima redención e rebeldía contra a inxustiza e o despotismo, cando non abundaba pra o reprimir as tebras do inferno, descritas con caraxentos acentos; entón botaban mans dos fusiles da Garda civil, que decontado voltaba a restaurar a santa "resinación", pola que tanto clamaban os nosos cregos, que endexamais foron capaces de pregoar un evanxeo de fradernidade, de perfeición e amor; en troques foron sempre os predicadores do evanxeo do medo.

¡Qué lonxe se hacha o noso clero rural da misión civilizadora e patriótica das irexas naciones de outros países mais afortunados que o nosos! Como por exemplo a irexa armenia, pequeno país sometido donde fai séculos por outras nacións veciñas mais poderosas que, non embargantes, sabe inculcar no seu povo amor e respecto polas tradicións, pola historia e por todo canto simboliza a propia comunidade patriótica; de tal xeito, trócase no mais firme alicerce de povo armenio, cuio mosteiro de Echmiadzin, o seu mais importante centro relixioso é apoiado e respetado por todos, sexan ou non crentes, porque si pra úns simboliza o dogma, pra outros simboliza a patria. O mesmo poderíamos decír da irexa hebrea, perante moitos séculos o único vencillo unificador do povo xudeo, o mesmo que outras moitas institucións confesionales que con acerto consideran que o millor xeito de adourar e amar a Deus e adourando e amando a patria onde se nasce.

FALAR, SENTIR E PENSAR COMO GALEGOS;
EIS A NOSA OBRIGA PATRIOTICA

A NOSA TERRA

ANO LI

Buenos Aires, Outubro de 1969

Nº 512

O POBO DE GALIZA

Saudo do Consello de Galiza no 25 de Xulio

Neste 25 de xulio, DIA NACIONAL DE GALIZA, vaivos o acervado saudo do voso Goberno Autónomo no Exilio que, consente da sua responsabilidade histórica traballa en estreita comunicación coas forzas patrióticas do interior na tarefa común de outor o reencontro na Terra natal.

Na medida que forcemos a nosa marcha, máis cedo Galiza conquerirá a sua Liberdade. As condicións políticas atuais fan irreversibel a volta de toda Hespaña ó réxime de democracia que todos aneiamos e cuia defensa abnegada foi causa do noso desferro pra podermos manter ergueitas as bandeiras das nosas reivindicacións nacionais e comprimos o mandato popular verquido no veredicto plebiscitario do Estatuto de Galiza de xunio de 1936.

A forza da nosa legalidade como goberno; o basamento da vosa loita patriótica; o respeto dos partidos políticos e orgalzacóns obreiras, a Galiza xurde midia frente á vocación autonómica e nacional amosada naquela histórica xornada.

Os xerifaltes do réxime non preveron que morta a xeneración brillante e patriota dos anos 1910 a 1936, continuadora da longa tradición política galega, pol-

deran rexurdir do martirio e do apostolado recebido, novas xeneracións capaces de seguiren o roteiro do patriotismo e a agnegación. Nembargantes, hoxe, sen medo, con fermidume e valentía, a cidadanía galega batalla duramente pra restabelescer o que nos foi arrebatado e, soportando a represión máis dura, dá outa leición de desafío ó poderio do goberno franquista seguros da proisimidade do día en que non sexa delito berrar ¡VIVA GALIZA CEIBE!

Os detentadores do poder se non dan conta que dende fai trinta anos, Hespaña vive alcontra da corrente da historia. Se non decatan que trinta anos son moitos como pra que os galegos non poidan veren como o mundo evoluciona con novos pulos de xustiza social que levan a outor dereitos deica agora negados, e sentando as bases positivas da participación do pobo no disfrute da riqueza outida pola conxunción de tódolos sectores embarcados no traballo nacional.

Pensan que se pode enganar ó pobo falando de leis fundamentais que non son máis que o andamio que permita a continuidade do privilexo das oligarquias, económica e política, e os monopolios zugadoros da econo-

ción do réxime. Pensan que o mia popular dende a instauración do pobo ifiora as bases inmoráes dos dereitos a tódolos hespañoles.

Pra impedir esa continuidade, Galiza, i Hespaña, están de pé. A sagra unión dos traballadores da terra e do mar; da industria e o comercio; do clero progresista e dos estudantes; das forzas económicas e os profesionales; dos intelectuales e consumidores, vencerá na porfía. ¡Ningún poderá derrotarnos! Somos a Galiza Eterna que unha vegada máis enfrenta, con decisión e valor, a máis importante coxuntura da Patria logo da que nos tocou vivir o 28 de xunio do 36.

Galiza está na soleira do seu trunfo; e a tiranía coas horas contadas.

¡Galegos! Frente a ese feito afirmade a valorización do ser galego. Persistide e acentuade a loita. Que ningún poida obrigarnos a facer nada que non responda ás nosas necesidades. Todas as institucións da nosa terra deben estar ó seu servizo: as artísticas, académicas, culturais, deportivas, obreiras, estudantis, económicas, relixiosas e, sobór de todo, as políticas.

Impedide que ningunha delas sirva a intereses espúrios i esixide se poñan todas a traballar ó servizo da nosa liberación nacional. ¡Marcade a fogo a traición e a cobardía!

¡Galegos! Neste noso Día Nacional que fai que os galegos lembren o seu pasado, mediten encol do presente e fagan pláns pró seu futuro; unha soa determinación debe acompañarnos; solidariedade plena entre nós que nos leve, en fechada i estreita unidade, a derrubar o aparato estatal opreixor a fin de que alumeo o día grandeiro de Galiza.

Aspiramos, galegos, a unha Galiza próspera, abundosa, dona das suas riquezas, xusta na distribución dos bens outidos, sen monopolios opreixivos, sen quitas á liberdade individual, co libre acceso de todos ó disfrute dos dereitos esenciaes, e onde o home teña o real valor que hoxe se lle nega. Somentes unha Galiza dona dos seus destínos impedirá a sangante riada da emigración, a fame secular dos nosos irmáns e a explotación inxusta da nosa Terra.

Queremos vivir en comunidade tolerante cos demais pobos que integran a Península Ibérica. Nunha Hespaña onde a tolerancia presida as relacións de todos e as hexemonías sexan atributo de cada nación.

A Galiza libre, que unicamente pode existir na emigración, xunguida con lealtade insorbornábel ó CONSELLO DE GALIZA, creación do noso inmorrente guieiro Castelaio, afirma, unha volta máis a sua solidariedade co noso pobo, nos seus diversos matices políticos, falando tamén polos que soportan a dura continxenza da represión e a loita histórica de arestora.

¡Galegos! Neste mensaxe de esperanza e fé, saudo fraterno de quenes viven convosco en solidariedade total, augurámosvos que a hora do trunfo é perta, e aínda máis perta a caída dos que asoballan e negan os dereitos da liberdade ós galegos.

¡Venceremos Nós!

Dende un lugar da Terra, 25 de xulio de 1969.

CONSELLO DE GALIZA
Cumio Central

ULA A PROSPERIDADE?

Se Galiza fora un país probe no que os seu moradores tiveran necesidade de emigran por mor disa mesma probeza; teríamos que aceptar isa realidade con impodente resinación procurando amenguar en todo o posibel as penurias da emigración. Mais isa non é precisamente a realidade galega, posto que non se fai mester de moitos coñecementos na materia pra doadamente decatar de que o país galego é potencialmente o máis conxunto penunsuar; o que acontece e prometedeiro de todo o tece é que isas riquezas xacen en estado primario, potencial; sin que unha axeitada e racional explotación procure aproveitales como sería mester pra que noso povo poidera acadar un nivel de vida acorde cos seus merecements e lexítimas aspiracións. Istas reflexións veñen a conto polo secular e tradizoal desarranxo económico en que se atopa a nosa patria, que obriga a sua xente mais ativa a enroitar polos vieiros da exprotriación "forzada" a causa-das retardatarias estruturas político económicas impostas polo cesarismo centralista que ten a Galiza convertida nun xenuino territorio colonial.

A panorámica xeral que nos ofrece a Galiza de arastora, non pode ser mais deprimente e desalentadora pese o balbordo publicitario do estado colonialista mesetano en se atribuir como un logro propio, o inevitabel e parcial progreso vexetativo que se ten de producir como a normal evolución da teinica en tódolos países inda nos mais probes i-esquencidos. A falta de perpetivas de desenrolo e de xornales conque solventar o crecente custe da vida, xunto coa falta de ocupación pra o excedente de poboación campesina, obriga ó noso povo a venderse como mercancia ós países adiantados de Europa, onde a troque dun

trato pouco menos que esclavís, ta, recibe e xira as divisas conque se nutre a voracidade do estado asovallador, namentras os minerais de ferro das suas minas tamen emigra pra riqueza e proveito dises mesmos países. A enerxía eléctrica das nosas centrais, en cuia instalación se teñen asolagado algúns do vales mais ricaces do noso chán, non fornece industrias na nosa Terra, onde apenas se consume un 33%, indo o resto da devandita enerxía a favorecer a outros lares que gozan do privilexio do poder centralizador. Negóusenos a instalación dunha nova planta siderúrxica, que houbera amenguado en parte a necesidade de emigrar e darialle o mineral ferroso dos nosos cotos mineiros o seu destino lóxico e natural. Asovallanse as nosas entidades de creto como as Caixas de aforro, cuios depósitos seran "utilizados" polos poderes estatales onde o aconselle "el interés nacional" no que Galiza endexamais ficará abranguida i-o monopollo bancario, un de cuios pulpos é o Banco de Bilbao atsurveu pola traición dalgúns galegos mal paridos ó banco da Cruña cuios 12.000.000.000 de pts. irán a fornecer riqueza nas provincias vascongadas, a onde os nosos paisanos teran que ir de paso a deixar o seu suor. A nosa riqueza gaireira, que polas condicións óptimas do noso país debía ser unha das suas riquezas mais produtivas, amengua de cote en cantidade e calidade, por falta dun racional i-económico sistema de alimentación, estabulación e rentabilidade, que non pode ser iogrado por impellido os intreses retardatarios dos cerealistas da meseta, a cuio intrés e comenencia fican hipotecadas as facendas gandeiras de Galiza. A escola primaria, secundaria e incluso universitaria castelán que se imparte no noso país, sigue

(Continúa en la pág. siguiente)

REVOLDAINA

AS XORNADAS PATRIÓTICAS 1969 organizadas polo Centro Galego de Bos Aires, trouxeron o acougo co gozo espiritual a colectividade.

O bienio negro 66/68, foi un pesadelo simbolizado nas noxentas bandeiras monarca-falanxistas que sinificaban, ali chantadas no fronte de Casa Grande dos Galegos, o odiado imperialismo meseteiro hispanol que someteu a nosa Terra ó secular réxime colonia que abafou e abafou o seu desenvolvemento; que asesinou aleivosamente a Alexandre Bóveda, segredario do glorioso Partido Galeguista, e tripou as xustas arcas dunha Patria Galega próspera e dona dos seus destinos; simbolizaban ali á canalla falanxista que "paseou" a milleiros de mártires galegos; simbolizaban ali á dramática emigración masiva, as casas valedoras... as terras abandonadas e as familias espalladas na xeografía europea... Simbolizaban, o subdesenvolvemento e a probeza sen esperanza do noso martirizado povo...

Como un insulto, simbolizaban ali chantadas, a petulancia chula dos gobernantes dun velo país furción de cola da Europa Occidental...

UNHA DAS PRIMEIRAS medidas que tomou o destronado Ramon non ben pousou as súas magras asentadeiras no sillón presidencial do Centro, foi clausurar o stand de libros galegos existente no pórtico do edificio.

Polo que despois se soupo, comprometera o lugar pra se instalar ali, un kiosko de turismo hispanol, ou cousa así...

Felicitamente, os novos directivos non pensan o mesmo encol do turismo hispanol... e as cousas voltaron ó seu lugar e modo: de novo funciona o stand de LIBROS GALEGOS.

E XA QUE DE LIBROS FALAMOS, diremos que é evidente, evidentiísimo, que o Ramon non é home amante da cultura, ou polo que atal se entende, non señor... A ele, o que lle importa, son as catro regras doadamente manipuladas, e o interese composto... O demais sonche lerías... E que non lle veñan con literaturas... A literatura non da de comer... non capitaliza...

Pra ele, nada millor que unha boa pizzeria, un grill ou un bar... Se o saberá ele...

Emporiso que xa lle tifa botado o ollo ó local da biblioteca pra instalar ali un bar... (?) Era asunto tratado e decidido.

—Maxinaste por un intre— dicíalle a un amigote, bruto como ele—, a cantidades de salchichas e outros produtos de boca que se poden vender neste local...?

Moralexa: parez que á nova directiva do Centro Galego lle non gustan as salchichas... e a biblioteca ficará no seu lugar.

OS HESPAÑOIS XA TEÑEN REI, e os galegos tamén...

A cirimoña tivo lugar no gran marco do palacio real de Madrid coa presenza do Corpo de servos procuradores do Reino, e a petulancia dos xenerales do exército, especializados en masacrar ó povo.

Foi un espetigo deprimente.

De primeiras, o candidato, príncipe Juan Carlos, un Borbón, (mala peste o tolla) de xoellos, humillado, xurando lealdade ó Caudillo... (?)

Ula a maxestade; ula a diñidade; ulo o orgullo de caste; ulo o honor como home dese baldroas que teima gobernar a un país?

Pero inda falla un detalle: que o caudillo deixe de respirar... Mentres ollaremos que é o que pasa, que poden pasar cousas...

UN QUE FALLOU A CITA...

Na misa do Día de Galiza (o 25 de xulio) que tódolos anos se ven facendo en Santo Domingo de Bonaval onde repousan os restos de Rosalía e Brañas, o que deu lugar á brutal represión policial, foron pousadas oferendas frorais emigradas a nome do Centro Galego, Onsello de Galiza, Irmandade Galega e dos centros Pontevedrés, Ourense e Coruñés.

Como se pode observar, o Centro Lucense fallou á cita... E isto é grave... E decimos grave porque a reiteración antigalega destes bodeques milongueiros fai que o Centro Lucense se convirta, ipso facto, no Ulster galego da colectividade...

LORENZO FRAGOSO

ULA A PROSPERIDADE?

(Ven da pax. anterior)

sendo insuficiente, atrasada e deformadora do noso senso comunitario; o analfabetismo continua sendo unha das laceiras da nosa nenés, a que ademais, atópase desasistida de toda atención sanitaria, como compre en todo país adiantado, coidados do futuro da meirande riqueza que poida atesourar como é o povo. Os Polos de Desenvolvemento establecidos en Vigo e a Cruña, por non se axear á realidade socio económica do noso país, pode afirmarse sin ningún trabucamento que representan un lamentable fracaso, pois non alcanzaron a fornecer entre ambos des mil postos de traballo dende que foron establecidos cando as reais necesidades da nosa Terra en tal senso e de vinte e cinco mil postos por ano.

E asin diste xeito poderíamos

enumerar infindos aspectos do drama da nosa patria baixo o bárbaro i-estruchador sistema político en que se atopa; namentras os galegos emigramos e non pidamos o que por dereito nos corresponde, como xa e unha mania inveterada de moitos persoas da nosa Terra ningunha distas dificultades terán axetado arrombo; a mentalidade hispana está composta da outusa prepotencia goda e da fanática intolerancia sarracena; i-endexa-mais entendeu mais razóns que as da forza e do poder; xa é hora de que Galiza se decate dista realidade i-en base a tal premisa; axeite a súa posición futura encol do recoñecemento dos seus dereitos como nación dona de si mesma, pra que o seu povo poida atopar no chám nadal o que oxe está na obriga de procurar nos roteiros acedos da emigración.

UN QUE ESCOLLEU A LIBERTADE

MADRID, 12 (UP) — Un membro das Cortes apresentou a súa renuncia, cousa que acontece por ves primeira dende que Franco restableceu o Parlamento na Hespania no 1942.

Edoardo Tarragona, que asin se chama o renunciante, que fai apenas dous anos foi escolleito deputado, espricou a súa actitude renunciante como un "compreto fracaso" na súa actividade nas Cortes.

"Sometin —declara— 159 preguntas e proposicións ás Cortes durante os dous anos de meu exercizo, mais o Goberno lle non prestou atención algunha..."

O meu cotián contaito co povo faime sentir que, a incapacidade, o inmovilismo e o fracaso da administración pública, poderían producir un temibel valeiro se todo o aparato se viñer abaixo. Emporiso renuncié.

O CENTRO GALEGO PRESTIXIA A NOSA FALA

Com verdadeira lecer compre que destaquemos ó traveso distas liñas un acontecemento sinificativo no quefacer de reivindicación da cultura vernacula do noso país cal é o de que o Centro Galego de B. Aires, a mais importante institución creada pola nosa emigración, haxa disposto da recente referma dos seu regulamento estatutario a cooficialidade do idioma galego coa lingua oficial de país onde se atopa.

A nosa meirande entidade municipalista, que habia acadado un merecido prestixio non somentes no mundo galego senón tamén fora dele, pola manífica aportación que nos derradeiros anos ven facendo encol da creación e espallamento da cultura de Galiza; tifa caído no derradeiro "Bienio negro" en poder dun fato de traidores, testarferros da reacionaria e trasnoitada hispanidade mesetana. Por sorte pra Galiza e o bon nome da nosa colectividade, os homes que se atopan hoxe ó frente da súa Xunta Directiva, están levando a termo un labor de restauración; non somentes das súas finanzas esbragadas polo irresponsable despilfarro da Xunta derradeira, senón ademais de todas aquelas tarefas que como a cultural, constituen un torgo de honor non somentes pra entidade que á desenrola, senón pra colectividade toda i-o bon nome e prestixio da nosa patria Galiza.

De tal xeito e noso esgrevle idioma será no devir do Centro Galego xerarquizado cal se merecesce por unha institución que soupo honrar a si mesma honrando a patria dos seus fundadores con obras e aportacións que teñen pra Galiza vaor de aportacións históricas.

A GALIZA EMIGRADA CELEBROU XUBILOSA AS XORNADAS PATRIÓTICAS

21 actos (8 conferencias, 4 audicións radiais, 1 exposición de pintura, 1 misa en galego e 7 actos conmemorativos, etc.) dan a pauta da intensa actividade que corresponde a estas magnificas Xornadas programadas pola Comisión de Cultura do Centro Galego de Bos Aires.

A Galiza emigrada vibrou xubilosa nestas Xornadas patrióticas que puxeron de noto a afervoadada galegitude das nosas xentes concurrendo a súa chea ás conferencias dictadas en galego polos invitados de honor D. Xosé Ma. Alvarez Blazquez e D. Xesús Alonso Montero, do Centro Galego e da Federación de Sociedades Galegas respectivamente; a gran velada do Teatro Colón mesmo o Día de Galiza; nos homaxes a Rosalía, Castelao, etc.

HOMAXE A ROSALIA

Nun marco de palmas floridas coas cores patrias galegas oferendadas polas distintas entidades da nosa colectividade, celebrouse o tradizoal homaxe a Rosalía perante a súa estatua existente no pórtico do Centro Galego de Bos Aires.

Previas unhas verbas axeitadas, abriu o acto o Segredario do Centro Galego señor Edoardo Perez e, aseguido, falou D. Xosé Ma. Alvarez Blazquez quen enctou asin o seu emotivo discurso:

Un grande poeta dos nosos días, finado na madurez, escribiu estas verbas lembrando a Rosalía:

"Non convén chorar máis..."

"Xa ela chorou por nós."

A expresión é felis dende certo punto de vista, pero coido que, en troques, resulta desgraciada no seu trascendente mensaxe. Con versos asin, con pensamentos deste xeito, estamos cometendo con Galiza un erro tremendo, que

encerra outros desvios concordantes.

En primeiro lugar, a imaxe dunha lirica choromiqueira con que en certas esferas alleas a Galiza se nos tilda, parte da propia visión parcial que os nosos críticos viñeron oferescendo de Rosalía, da obra poética de Rosalía, até tempos ben recentes. O certo é que Rosalía non chora, propiamente. Rosalía protesta, que é distinto; Rosalía protesta de carraxe, apostrafa, fire, denuncia; pon o dedo na chaga e descobre a terrible laceria dun mundo inxusto, que consiste a explotación do home polo home nas segas de Castela; que pasa indiferente ó lado das dores alleas; que se dá golpes de peito, namentras no pórtico da igrexa un meniño morre arripiado de frío; un mundo cheo de viudas de mortos e viudas de vivos, as viudas da emigración...

Rosalía é unha das máis potentes realidades de Galiza; a expresión máis soberán do noso ser colectivo; a máis sensibel receptora do noso latexo comunal; a máis cabal representación dun espírito e dunha cultura que cecais se teña dado nunca. Iso é o que nós queremos de Rosalía, o que non fai falla pedirle porque xa nolo deu de seu, sen reservas nen desfalecements.

Eu pidovos que repitades o exercizo cantas veces poidades seguro de que asin vos quedará máis chantada na ialma a imaxe verdadeira desta escelsa muller galega, pero muller ó fin. Muller que sofriu e amou, que loitou e gozou. Muller que soupo rir a carón dos seus fillos e cantar de ledicia nunha mañán de sol.

RENDEUSE UN HOMAXE A CASTELAO

Aténdose ó programa das Xornadas Patrióticas organizadas polo Centro Galego de Bos Aires, realizouse un afervoadado homaxe a Castelao na praza do seu nome nesta capital, facendo uso da verba o Tesoureiro da entidade D. Edoardo Sanchez Millares.

Asistiu ó acto unha delegación do corpo de enfermeiras da institución que pousou unha oferenda froral.

Dixo o señor Sanchez Millares: "Como un dos aitos de máis profunda emoción pra o noso espírito a se realizar dentro das Xornadas con que este ano a colectividade rememora a data da nosa patria galega, —o Día de Galicia— no nome da Xunta Directiva do Centro Galego, vimos hoxe eiquí, a esta praza que pola xenerosidade das autoridades diste gran povo argentino, leva o nome do noso Castelao, e, onde en futuro próximo, nós, os galegos, ergueremos o monumento que fixará na pedra a outa, esgrevia e inmorrente figura do noso guieiro."

"Unha vida adicada a amozar a singularidade de ialma galega, a humanidade do espírito galego; unha vida que nos da certidume do que somos, e danos folgos e esperanzas pra agradecer o que temos de ser."

"Castelao foi, sigue sendo e será sempre, símbolo e bandeira de redención que axita as nosas inqueadaanzas, e a cuio relembramento acrecéntase en tódolos corazóns galegos; e vivirá tanto como viva Galicia, hasta que chegue o día, —que chegará—, da liberación da nosa patria. O día que ó recobrar Galicia o seu propio ser, redimiráse de tantos séculos de asoballamento.

OS MARTIRES GALEGOS

Cada 17 de agosto, dende o tráxico ano de 1936 os galegos ceibes do mundo honramos ós nosos Mártires. Neste día de dor e gloria, foi aleivosamente asesinado Alexandre Bóveda, protomártir da Galiza moderna.

O gran patriota caíu co berro de ¡Viva Galiza Ceibe! nos belzos, que non poido nen poderá enxamais silenzar o chumbo asoballador, berro que resume o legado querido e percurado da asistencia da nosa nacionalidade.

En Alexandre Bóveda simbolizamos ós milleiros de mártires galegos asesinaados por arelar, como ele, unha Galiza ceibe e diña.

Os emigrados que vivimos no mundo libre onde, entre outras cousas, podemos valorar sen limitacións subalternas a esgrevia figura de Castelao, lembramos con fonda emoción patriótica ós nosos Mártires inesquecibeis. Eles son a semente froitifeira da Galiza futura, unha patria soberán e xusta, na que participen obreiros, labregos e mariñeiros, liberados social e economicamente. Sen esa realización non ten pra nós, senso, unha Galiza ceibe.

O ENSEÑO NA HESPAÑA EN NUMEROS

O ministro de Educación hespanol Vilar Palasi, co gallo dunha reforma do ensino na Hespania, publicou un "Libro branco" no que espón a deplorable situación imperante no país e asinala vieiros.

Na exposición que fai o ministro, pon ó roxo vivo a insuficiencia dos presupostos adicados na Hespania ó ensino. Mentres que Suecia, Holanda, Dinamarca, Bélxica... adican un 7% da renda nacional ó ensino, Hespania está moi lonxe —como se pode ollar— xa que só adicalle un 3,6%...

Por outra banda, hai que ter en conta que, mentres máis retrasados son os países, meirande é o porcentaxe de que teñen mester pró ensino.

Na investigación, perantes os 200 dólares por ano e habitante que adica Estados Unidos, os 96 de Holanda, os 92 de Franza

icipen obreiros, labregos e mariñeiros, liberados social e economicamente. Sen esa realización non ten pra nós, senso, unha Galiza ceibe.

Alexandre Bóveda, con Castelao, Xaime Quintanilla, Anxel Casal... interpretando o intre histórico de Galiza, déronse xenerosamente, integralmente, ó seu povo, creando por primeiro vegada na historia do país unha política galega que había de superar ó submetido concepto provincial, encetándose por via da liberdade un senso e unha dinámica nacional ós problemas económico-sociais e de cultura do país galego.

Mais este fito de diñificación e liberdade da Patria Galega foi tronzado. Galiza espera. Galiza que ten unha longa secular esperiencia de asoballamento, espera... Mais esta espera non é inerme... E un fito que asinala o glorioso vieiro da liberdade nacional tinxido co sangue xeneroso dos nosos mártires.

e os 59 de Italia, aparéz Hespania con 11 dólares por habitante e año...

Completando o que se adica ó ensino co da investigación, tan necesaria na vida dos estados modernos, atopámonos que, fronte ó 2,3% do produto nacional adicado á investigación na Inglaterra, Hespania somentes adica o 0,2%... (?)

Certamentes, o devandito "Libro branco" amosa cousas; que no ano 1960, da poboación hespanola maior de 15 anos, o 20% non foi á escola... (?); o 67% só recebeu un ensino elemental; un 4% saíu unha formación profesional, e menos do 1% recebeu estudos superiores... (?)

Xunto coa baixa escolaridade existe a discriminación social, xa que a falla de estudos superiores corresponde á crase traballadora por carecer de meids económicos, consecuencia lóxica das estreituras discriminatórias do sistema.

IRMANDADE GALEGA CELEBROU A TRADICIONAL CEA PATRIÓTICA

No casa do Centro Ourenán, como o ven facendo tódolos anos, IRMANDADE GALEGA ofreceu unha cea patriótica na noite do 24 de Xullo pra recibir en xuntanza galeguista o Día Nacional de Galiza.

A Irmandade Galega artellou o acto co gallo de que mesmo, esa noite, estivera representada a colectividade galeguista e democrática, a Galiza Ideal, como lle chamou o noso inmortal guieiro Castelao.

E por elo, que estaban presentes os directivos do Centro Galego e das agrupacións; dos centros provinciais, da Federación de Sociedades Galegas, do Consello de Galiza... E como invitado especial, o invitado de honra do Centro Galego de Buenos Aires D. Xosé Ma. Álvarez Blazquez.

DISCURSO DO PRESIDENTE DA IRMANDADE GALEGA D. XOSÉ S. RODRÍGUEZ

O noso pensamento faise arripiante porque temos a patria asoballada. Chamamos a todos a nutrir as fías da Irmandade pra colaborar na tarefa común de axudarmos a conquistar a liberdade de Galiza.

Que saiba este esgrevio galego, eiqui presente entre nós, D. Xosé Ma. Álvarez Blazquez, que a emigración vive cara a Galiza, comprometida na loita e conscente do que temos que facer.

Leve á Terra o señor Álvarez Blazquez, a seguranza da nosa fidelidade cos que dun xeito baril loitan por Galiza.

Benvido pois, á Galiza Ideal que Castelao fixo súa en simbolismo inesquecible.

A Irmandade é a forza de choque do galeguismo. As nosas vidas están, polo tanto, consagradas a servir á Patria. Tódolos que queren a Galiza teñen que estaren con nós, calisquera sexa o seu pensamento político, bastando con lle ter odio eterno á oprexión e á tiranía.

Non é de galegos ademitir a solidariedade cos que magoan e negan os dereitos de Galiza a súa autodeterminación.

E a Irmandade Galega proclama, hoxe como sempre, a súa adhesión ó noso Goberno Autónomo, ben representado eiqui por tódolos conselleiros que o compoñen. Un acto plebiscitario, libre e soberán, protexido pola súa propia forza, dá autoridade a este organismo que tan só entregará as bandeiras cando o pobo de Galiza sexa ceibe. A labor do Consello de Galiza débese todo canto se fixo na emigración a nome da Terra. Os froitos estanse a colleitar, e o agromar será máis potente canto máis se traballe.

Irmáns: fai trinta e catro anos na praza da Quintana de Santiago, nunha noite como esta, fíxose o histórico Mitin das Arenas ó dar as suas badaladas bronceadas a campá da Berenguela, anunciando a chegada do Día Nacional de Galiza.

Alí, baixo as pedras seculares da basílica compostelán, o Hino da Patria tivo acordos de fonda emotividade que chegaron ó corazón de tódolos que na Terra e na emigración traballaban decote polo rexurdimento político, económico-social e cultural de Galiza.

Eran os homes da xeración mártir.

I esta noite estamos eiqui pra lembrarmos a data. En intres mergullámonos na máxica lembranza dun novo día.

¡E o noso día grandeiro!
E a ele chegaremos, como naquela xornada, cantando a nosa Canción de ensaño i esperanza.

Farémolo nunha noite venturosa en que o horizonte é promisor e tendo a seguranza de que as tebras pechas anuncian o abrente e que ese abrente é oído pola acción decidida e decisiva, de tódolos galegos que, no

interior e na diáspora temos un posto na loita i estamos na trincheira sen cludicar endexamáis fronte á nosa responsabilidade histórica.

Sabemos que hai que dar as batallas decote: e dámolos. Sabemos que temos que pagar o dezmo á Patria: e pagámolo. Sabemos que estamos na obriga de solidariedade cos homes do interior: e entregámolo.

Temos concencia crara da nosa responsabilidades e queremos, arestora, sermos diños dos nosos devanceiros proseguindo coa carga da nosa tradición política que, inda sendo ben pesada, é levada co orgullo do soldado que sabe pra que serve a mochila e o mosqueton na defensa dos vellos ideais de Galiza.

Sentimos hoxe a ledicia dun triunfo recente que retumbou con tronos e lampos abraiantes na Terra esperanzada. Non caben na emigración que nos serven á Patria. Por iso reconquerimos em xorna inesquecible o Centro Galego, bon símbolo do que os galegos queren pra súa Terra.

Eisi rodeamos cheos de agarimo a figura patriarcal de Antón Alonso Ríos, representante dunha xeración rutilante; e cinguimos con lealdade e fé a quén tomou as bandeiras do galeguismo, logo dunha longa noite de door, pra nos conducir á victoria: Xosé Alfonso Reboreda. Ele recebeunas limpas, e limpas saberá mantelas pola súa condición de home de ben, de patriota sagreficado e de galego fidel ó seu corazón e a súa amizade de todos nós que o acompañamos leal e fraderalmente.

Estamos todos, sen faltar ningún. Isto, meus irmáns, é comovedor pra min, e prós demais irmandiños, o ver reverdescer un galeguismo positivo, feito de sentimento responsábel, o acompañarnos estas figuras preclaras que foron nosos mestres no inculcamento dos ideais que un día abranguímos con fé, e ouservar a que nos alentaron con verbas de raxa esperanza nas horas duras, xa pasadas na emigración, e que queremos pasen prós nosos irmáns no interior.

Emporiso se gañou a batalla, e por iso témola esperanza de que ninguén nos poderá vencer no adiante.

A Irmandade Galega, fai moitos anos creada por aquele visionario que se chamou Antón Vilar Ponte, recibe hoxe o novo día con fé, con moita fé, pois as verbas inflamadas deste irmán que ven de alenar cun mensaxe renovado, fainola ter.

A eles a seguranza de que así como nós, nun intre dooso do noso calvario político soupemos recoller as bandeiras do galeguismo prás entregar ceibes e impolutas á xeración da promesa a se cumprir, estaremos sempre en misión combatente deica que Galiza, a Galiza Inmortal, non sexa libre e os galegos teñan o goberno que queiran pola soberán vontade dos que ne'a viven.

Invoco pra nós o espírito de Castelao nesta casa Ourenán que ele tanto quixo e que nos foi cedida con agarimo pleo.

Invoco a quén debe, co seu sagrefizo, sere paradigma de quén nos saben vivir pra Patria e mo-Invoco a Alexandre Bóveda, rrer por ela.

Gracias a todos.

Aseguido, o señor Bieito Cupeiro fixo unha brillante presentación do libro de Xohán Viqueira —Vida, persoalidade, pensamento— por Lois Veiga do Campo, pondo de releu, o orador, a notábel persoalidade intelectual e patriótica deste clásico do galeguismo.

O libro de referencia, foi editado pola Comisión Orgaizadora responsábel que figura no corpo do libro.

O fio da medianoite os concurrenentes postos de pé, entoaron a Canción Patria de Galiza.

Conversa cun Estudante de Veterinaria

por Moisés da Presa

En Monforte, camiño de Vigo, tomei asento no tren a carón de un mozo duns vintetrés anos: outo, alombado, de membros ósudos dentro de un traxe sport que non daba cheo, soborsaindo deste desmañado conxunto unha forte nobre cabeza de mestos cabelos mouros a lle cairen sobre da ampla testa; e traís duns grosos anteollos de carei, ollos azúis, intelixentes, esculcadores.

—Dame lume, por favor...?

—Gracias.

—Estudante?

—Si, de veterinaria, en León. Vou pra Vigo de vacacións.

—E vosté vigués?

—Si, son nado en Vigo.

—Pois xa ten un bon viaxe. De León a Vigo e volta... Por que non estuda en Compostela?

—En Compostela, non sabe? non lle hai Facultade de Veterinaria, levárona pra León; e a León, por forza, temos de ire os galegos. Elle o máis pertu.

—Que en Galiza —argu— pais gandeiro por escelenza, non haxa Facultade de Veterinaria, é un absurdo. E máis aínda, o seu traslado a León ven sendo algo así como levar a Escola de Náutica da Coruña pra Cuenca...

—Olle vosté —coutume o estudante— o da Escola de Náutica en Cuenca cecáis o diga vosté de chós, mais pode sere un feito concreto, por que non? Nop está a Facultade de Enxeñeiros Navales en Madrid...?

En Hespania todo lle é posible, meu amigo, até as cousas máis inverosímels... Todo é custión de mover, de ter influenzas nas outas esferas oficiáis... E se os de Cuenca, poñamos por caso, cobizaran unha Escola de Náutica no seu predio, de teren quén lle mova os fios aló na cima, inda que a vosté lle pareza o máis pavelo, axiña ollaríamos, téñao por seguro, ós nosos mozos de beiramar aspirantes a oficiáis de mariña, camiño de Cuenca... O mesmo, o mesmo, que eu, e tantos galegos aspirantes a veterinarios, camiño de León...

—Pro, e o mar—repiq@eille entre serio e divertido— Vosté,

MORREU O DOCTOR RAMON REY BALTAR

O día tres de xullo faleceu na localidade de Gerli, provincia de Buenos Aires, onde reside, o doutor Ramón Rey Baltar, figura ilustre da Galiza emigrada.

Contemporáneo e grande amigo de Castelao, xunto con Edoardo Dieste fundan en Rianxo o periódico "El obrero municipal" que, no seu tempo, cobrou notoriedade pola súa loita contra o caciquismo na nosa patria.

Recebido de médico na universidade compostelán, ó tempo, emigra a Buenos Aires onde axiña se incorpora á loita galeguista; e durante a guerra civil hespanola é un afervorado defensor da República polo que ela supuña pra democracia e a autodeterminación dos povos hispánicos.

Foi director de "A NOSA TERRA" por varias xeriras e formou parte tamén da xunta de goberno de IRMANDADE GALEGA.

O doutor Ramón Rey Baltar naceu en Padrón e morreu ós oitenta anos nesta Galiza Ideal na que ele tanto loitou afervoradamente coa verba e a súa primeira postas ó servizo da liberdade da patria galega.

"A NOSA TERRA" faulle chegar ós seus deudos o máis doído pésame perante a desaparición de atal ilustre figura.

xibay, Ricardo Señoráns, Alberto Rodríguez, Xesús Alende, Lois Andrade, Xulio Frentanes, Xaquín Tilve (fillo), Severino Iglesias, Xosé Iglesias e Xosé López Gama.

Desexamos á nova Xunta Directiva grandes éxitos na súa xestión administrativa.

meu amigo, parecera que se esquece do mar, porque sen o mar...

—O mar? —cáseque berrou encabuxado— Qué saben do mar os da meseta? Nen o entenden, nen sinten, nen lles importa... Qué merda sabia do mar o castelán duque de Medina Sidonia, almirante da "Invencible"?

—Asín nos foi...

O mar, entendémolo e sentímolo os galegos; tamén os vasos, os cataláns e os andaluces.

Na meseta, meu amigo —continou— atal non sinten nen entenden o mar, que como potencia marítima carecemos no Atlántico dunha gran cidade que contrapese a Lisboa —que tiña de sere Vigo, ou a Coruña, ou ambas dúas— que xogarian o papel de Barcelona no Mediterráneo... Bon. Barcelona é un feito concreto que a meseta se empeña en non o entender: alporizalle. Se Barcelona estiver na meseta...!

—Nembargantes —insinuí sen moitos folgos— apesares de todo, digamos que algo se progresa... Hai unha certa industria...

—Unha qué? Supoño que non me virá vosté coa andrómena da industria hespanola...?

Hespania, moito que nos doia, apesares da súa pravelixada situación xeográfica e dun pasado histórico de grandeza, é un probe país, un país subdesenvolado, con escasas e deficientes vías de comunicación; cunha agricultura con cen anos de atraso; unha industria en pañais en un nivel de vida de fame recesa...

Con dicir que Hespania é un forte exportador de mineral de ferro e de emigrantes, folgan comentarios...

Non meu amigo —continou—, imos en retraso en tódolos ordes —na ciencia, na técnica, no comercio, nos transportes, na produción industrial e agropecuaria...— a carón dos demais países europeos. E o peor é que se non albisca ningún camiño cara a un abrente de construción, de plenitude nacional.

Mesmo —engadiu cun azele de amarguexo— parecera como se o país perdera o pulso e o rumo... Carecemos asimesmo, de pulo nacional, ese pulo que fai grandes e respetados ós povos.

Aquí todo se fai por decreto, de favor, sen plan algún. Repare vosté na plenitude potencial dunha Inglaterra, Alemaña Occidental, Franza ou Italia... E reparou nos pequenos países europeos: Suiza, Holanda, Bélxica, Dinamarca, Finlandia, pequenos grandes países outamente evolucionados, cecáis onde campa o máis outo nivel de vida europeo? ses da Europa e, de xeito especial

Entendo —continou— que pra nós os galegos, os pequenos países de Europa e, de xeito especial a admirada Dinamarca, deben sere un fito pro un fito imperativo. Porque Galiza, país maravillosamente doutado, cuio territorio e clima é o máis doado pra se desenrolar unha gran gandeira e industria de produtos lácteos e de conservas alimenticias, tería de se converter nunha Dinamarca do Noroeste Hispánico, onde o campeño viva folgado e feliz, e prósperas as suas vilas e cidades, pero...

—O pero, meu intelixente amigo, —interrumpino— é tan importante, que fai imposible se concreto o seu degaro, degaro, por outra banda, de moitos galegos que, todos a unha, ben quixermos unha Galiza próspera e feliz, pero..., i eiqui nos atopamos de novo co susodito pero...

—Logo?

—Que chegamos a un calexón sen saída posible. Esa é a cousa. Porque, meu caro amigo, partamos da base de que a riqueza e prosperidade dos pequenos países europeos finca, "sine qua non" nun feito concreto: que son libres e independentes. O que quer dicir, en bon romance, que mentres que a admirada Dinamarca é un país libre, gobernado de seu, Galiza non é. Ai finca a diferenza. Ai o pero...

—Pro a onde me quer levar

vosté? Porque ese é un prantexo "separatista" i eu estou onxe de selo, sabe vosté?

—Olle meu amigo. Coido que a salvación de Galiza non é custión de verbas: arredismo, federalismo, autonomía... Feitos! Iso é o que compre. Porque o que conta neste caso é a súa autodeterminación. Que o país sexa gobernado de seu pra podermos así apricar plans galegos que leven ó país a un progreso cultural, económico e social a que todos arelamos. ¿Non pensa vosté así?

—Si, si. Non llo nego. Nembargantes coido que unha Hespania unida e ben gobernada...

—Polo que vexo, vosté esta a se desdicir... Esqueceuse ou se non atreveu a concretar doadamente o seu pensamento

Hespania é un Estado xurídicamente constituído mais non é unha nación, ou o que por atal se entende. Dai que endexamáis houbo nen hai unidade nacional pola sinxela razón de que non configura un povo unha nación, con propósitos, arelas e ideais comúns. Dai o desbaraxuste a falla de pulso, de rumo e de pulo nacional desta Hespania que sofremos, que en resumo como se deixa ver, é a Hespania de Castela que recebeu en herdo de Isabel a Católica, a Hespania da meseta da cal vosté renega que é a negación das Hespanias das Nacións Hispánicas anltre as cuais contábase o noso país Galiza, como tamén Portugal

—Evidentemente —arguiu o estudante— o que vosté espon, como teoría, é moi fermoso porén, eu creio, quero erer que Hespania háse salvar, háse im or a simesma, ós seus propios des-acertos...

—Desacertos —acotei— que son conxénitos coa súa propia natureza, por canto non hai tal povo, senón Povos que cobizan autogobernarse, viviren a súa propia vida, resolveren seus propios problemas nacionais sen inxerenzas alleas...

—Nembargantes, non negará vosté que Hespania foi grande...

—Certo, até que se lle acabou a pólvora... E de que pouco nos serviu toda aquela faramalla de oropel e arrotadas quixotescas... Nunca tanta fame se pasou nas Hespanias... Inda nos dura...! Desastres, miseria, atraso, emigración... Foi a tráxica consecuencia de tanta tolemia, de tanta arrotada imperial por parte dunha das Hespanias, aquela, precisamente, que se distinguíu e distingue pola súa carencia total de xeño político. E cando ¡por fin! parecía que o Cabaleiro da Triste Figura tiña recobrado o bon senso, e as Hespanias estaban a se encamiñaren polo vieiro da democracia e á súa autodeterminación nacional, veu a enxurrada "imperial" castelán que chimpou polo chan con tantas ilusións populares. Unha vegada máis foron esnaquizadas as arelas patrióticas dunha Galiza con futuro afinada na súa autodeterminación nacional.

—Moito me temo —dixo melancómicamente o estudante— que non nos sexa doado ollar a Galiza que soñamos...

—O tempo, meu amigo, está da nosa banda, i é por elo, que debemos crer na nosa terra e no noso povo... Repare vosté, que o feito hespanol camiña de contramán do progreso e a civilización.

Estamos a vivir a hora dos povos no orde a súa liberdade nacional e de xustiza social. Non lle di ren Africa...?

Irlanda, a nosa lexendaria irmá Irlanda, a mártir do imperialismo inglés, cuia única saíña á fame e a miseria era —mesmo como nós os galegos— a emigración, é hoxe un país rexoubante de contido económico, social e de cultura, en función a súa autodeterminación nacional.

O tren beiraba a ría viguesa. Ronseles lumiosos riscalen na noite o lombo escuro do mar. De súpeto, o outo de Chapela. E aló embaixo, un esteso facho de milleiros e milleiros de luces a escintillaren, a ferver...

Estamos en Vigo.

DO CENTRO PONTEVEDRES ESCOLLEU NOVAS AUTORIDADES

O Centro Pontevedrés de Bos Aires, dacordo ó resultado das derradeiras elección na que resultou triunfante a lista encabezada polo señor Hixinio Expósito, a Xunta Directiva ficou integrada deste xeito:

Presidente: Hixinio Expósito Pócelo; Vicepresidente: Faustino Iglesias; Segredario: Vicen-

te Velasco; Prosegredario: Victorino Ares Barcala; Tesoureiro: Manoel Casal; Protesoureiro: Alexandre Pazos; Vocáis tidores: Xaquín Tilve, Fernando Bastos, Uxío García, Benxamin Gonzalez, Antolín Dios, Xosé B. Iglesias, Alvaro Campos, Gonzalo Alen, Manoel A. Peón.

Vocáis Suplentes: Manoel Ar-

PREDICA MEU FRADE...

por Bieito Cupeiro

A NOSA TERRA

Reg. Nacional de la Prop. Intel. (en trámite) — Recacción: Av. BELGRANO 2186

DIVISAS, DIVISAS E DIVISAS...

Que o Estado colonialista imposto dende a Meseta no país galego foi en todo intre un instrumento de explotación, atraso e represión, non pode porse en dúbida calquera que sexa o aspecto da súa xestión que se estude sin contar coa aleccionadora e doorousa experiencia secular demostrativa disa realidade. Mais dende a implantación do totalitarismo feixista —o réxime que tña vontade de imperio—, que llicaba por "España una grande y libre", que tiemaba restaurar "a grandeza nacional"— amais doutras fanfarronadas moi "a la española", pra poder amengoar a súa decrepita incapacidade xenita, vende e hipoteca todo canto lle pode fornecer divisas conque equilibrar unha balanza comercial, endémicamente deficitaria, por falla de capacidade pra o racional aproveitamento das fontes económicas indíxenas. De tal xeito, ademais do sol e a paisaxe que con rara habilidade soupo acretar, até ostrocar no "rubro" mais lucrativo de seu comercio de exportación; mercado polos millóns de turistas que invaden e chán ibérico nos meses de vran; a "trata do emigrante", moderno é actualizado xeito de escravitude, representa pra o devandito Estado outro "produto" de exportación, que lle rende zugasas divisas ata e ponto de que o ano pasado sobrepasaron os veinte e cinco mil millóns de pesetas, xirados a España baixo severo controlador das autoridades falanxistas, non sexa que se perdan por vieiros trabucados.

Sobor da crudel e deshumanizada explotación da emigración polo Goberno centralista hispano, moito teriamos que decir, reais oxe, imonos a limitar comentar e reproducir unha crónica recollida dun xornal galego publicada polo valente e inqueido xornalista L. Moure Mariño, quen á súa vez reproducía capítulos dun artigo da "Vanguardia" de Barcelona, encol de como viaxan a España os emigrantes que voltan a pasar as vacacións vranceiras.

"Namentras a empresa "Renfe", o monopolio ferroviario do Estado metropolitano, remata de por en circulación un moderno servico de trens directos entre Madrid e París pomsamente denominado "Puerta del Sol"; no que os pasaxeiros non teñen mester de transbordar en Irún, por mor da desigualdade de trocha entre os ferrocarris franceses e españoles, incoemente que se supera trocando as "bogies" dos vagóns; os emigrantes que proceden de Europa teñen necesidade de tomar na mesma cidade fronteiriza de Irún un tren, con capacidade pra oitocentos viaxeiros, no que despois de ganar a brazo partido un lugar, cando e'o acontece, transporta regularmente dobre cantidade da sinalada; o mesmo ocorre co servico ferroviario denominado "El Catalán", no que acostuman viaxar os galegos que traballan no país mediterráneo que, namentras a "Renfe" atende con preferenza o tren "Talgo" que cobre o mesmo traxeito, no "Catalán" hai que viaxar de pé entre as cabeceiras de Vigo ou a Cruña até Barcelona."

Mais voltemos ós conceptos do artigo de Moure Mariño, cuías expresións son cáseque sempre alegatos acusatorios do trato que recibe Galiza das autoridades do Goberno centralista, quen di así: "Xa temos ollado, que a "Renfe" non tomou as previsións que son mester pra recibir os emigrantes hispanos que chegan á fronteiriza co gallo das derradeiras vacacións (Non tomou isas previsións pesa a que era moi doado polo acontecido en anteriores campa-

ñas) estimar a cifra de emigrados que nos visitarían. Non embarcantes, os ferrocarriles franceses foron capaces de situar ós nosos homes na fronteiriza sin meirande esforzo. Non somentes en tempo de vacacións, senón en todo tempo, os emigrantes galegos en Europa, atopan dificultades pra o seu traslado dende Irún a Galiza. Falta un tren rápido e cómodo que avencelle a Galiza coa fronteiriza francesa.

Pero mais grave que o problema da chegada dos emigrantes ten sido o seu retorno. Houbo algún día —concretamente o pasado 28 de Agosto— en que o tren "Catalán" procedente de Vigo a Monforte, arrastraba 18 vagóns! Pola súa parte, o tren procedente da Cruña arrastraba unha composición semellante; apesares dos dous trens, non foi posibel dar cabida ós viaxeiros, polo que se tivo que improvisar un terceiro tren con vagóns radiados de servico, principalmente de madeira. Non se maxine o leitor que de tal xeito poderon sentarse os viaxeiros. Un revisor comentabame: "Ningún probou un asento deica Barcelona". Frenados, hacinados, de pé; os trens tomábanse por asalto. O día 30 de Agosto, sábado, na estación ferroviaria de Monforte, era de todo punto imposibel subir ó tren "El Catalán". Moitos viaxeiros tendían a entrar polas fiestras; os que teimaban baixar non topaban xeito. Tal situación xermolou en numerosas liortas.

A "Renfe" carés de material indispensable pra desenrolar os seus servicos dentro do noso país. A pesares de que botou man do material vello e arrechunchado, non poido formar os trens necesarios pra dar cabida ós emigrantes. O día 30, sábado, o tren correo procedente de Vigo hacia Madrid, viaxou con somentes dúas unidades. Os viaxeiros ian de pé, hacinados, embutidos, suorosos; entre expresións carxentas e o pranto dos nenos. Un servidor, ó ver que non cabia no tren, tivo que viaxar no furgón; o que tamen se atopaba cheo de viaxeiros todolos cales habian pagado o seu billete." Dispos de sinalar que se non xustifica que un tren tarde dende a Cruña a Barcelona mais de 30 horas, que no inverno non haxa calefacción, que se atopan sempre lixados e outras cativizas dos trens da "Renfe", engade: "Namentras de tal xeito viaxan os nosos emigrantes que van a conquistar divisas a prezo de suor e sangue, lóuvase nos xornales hispanos o "Iberia Exprés" e o "Catalán Talgo" e o troque automático dos "boiges" na fronteiriza. Po' que se oia, tamen nos trens da "Renfe" impera un sistema de castas."

En resume: Galiza volta a se quedar sin homes, sin mozos, sin alegría e sin vida. Non chegan xa os trens pra exportar os nosos homes. Iste éixodo masivo, ista sangría é a proba plástica que lle ten tocado a nosa amada Terra. Todos estes homes que se apifian e non caben nos trens, alónxanse coa ialma sangrante deixando eiquí pais anciáns e nenos pequenos. O pan pra o fogar hai que o ir a catar lonxe. Namentras tanto, quedan eiquí ermas as terras que podían producir e sobor de de todo as posibilidades das que ademais do pan podía xurdir a riqueza. Cada un desque marcha vaise do brazo co seu drama. A suma de todas as traxedias é a grandeira traxedia de Galiza inda non cancelada. E verdade o que decimos, o éixodo distas xornadas, a marcha hacia a fronteiriza, hacia Vasconia ou Cataluña sin lugar dabondo nos trens, é a proba gráfica dos males que aflíxen a nosa Terra"

Cando afirmamos que as eivas endémicas de Galiza non atoparán endexamais axeitado arrombo namentras fiquen apreixadas polos poderes do Estado centralista, non cometemos a mais lixeira esaxeración nin elo remanece de calsquer preconceito; senón que xurde, como un feito natural, do análise ouxetivo da realidade galega de todos os tempos, posto que a nosa patria ven sendo o que poderiamos calificar de imperio do desgoverno, onde soio atopan unha rara eficacia, cando non, as leis represivas, mais onde tamén parellamente toda lei, proxeito ou disposición de goberno, leva implícito o xermoo dun novo fracaso, dunha reiterada frustración xa que ó ser dicitadas pra favorecer a teima uniformista do colonialismo mesetano, resultan cáseque sempre lesivas ó intrínseco ámbito onde se teñen de aplicar.

Xurden istas excépticas apreciacións aprol das decraracións feitas nunha conferencia de prensa, levada a termo no Consello Económico Sindical do Noroeste, polo Sr. Uxío López e López, Director Xeral do Ensino Primario, publicada polo xornal "A Voz de Galicia" do 16-3-69 encol dun chamado "Plán Galicia" destifiado a producir un troque cáseque total no sistema educacional empregado deica agora no noso país.

As enfáticas decraracións do Sr. López e López, tocantes ó revolucionario "Plan" que terá de anovar a política educacional na nosa Patria, non poden sorprender a ningún que teña o bon xuício de xusgar con ouxetivo senso realista, o "modus operandi" dos axentes servidores do centralismo escravizador, aínda que como neste caso sexan galegos de nacemento.

Tales axentes servidores, cada vez que por calsquer acontecemento se achegan ós nosos eidos, teñen por inveterada costume anunciar solenemente algún proxeito, reforma, disposición ou mellora; en procura de arrombar algún dos tantos desarranxos que aflíxen a Galiza en calsquera aspectos do seu vivir; mais, na cáseque totalidade dos casos, todo remata niso: en verbas prometedoras que son como fume de pallas que leva o vento, das que se nutre o aparello propagandístico da dictadura centralista, pra ir entrapando con falsas promesas, á opinión do noso pobo, en cuido ánimo rematan por xermolar un efecto de deprimente excoiticismo, pola reiteración do engano e a conseguinte incredulidade que ocasionan.

O "Plan Galicia", anunciado polo Sr. López e López, leva implícito o reconecimento de que o ensino escolar no país galego, atópase nun estado lamentabel de atraso e abandono; que ten mester dun plan de promoción pra que poida tansquer erguerse a un nivel aceptabel; pero, como todo proxeito gubernativo que xurde de Madrid, resulta lesivo, está en violenta colisión co ouxeto que se quer promocionar, neste caso o ensino xeral do pobo galego.

Galiza é unha unidade cultural con características nidamente definidas cuido vehiculo de expresión é o esgrevio idioma galego, cultivado outrora por reis poetas e segreles; cando a actual fala oficial do Estado asovallador carencia de estrutura gramatical e denrolo literario.

O noso pobo, labrego e mariñeiro na súa grandeira maioría, morando en autárquico e íntimo contacto coa natureza a terra e o mar; atesoura un herdo cultural de outa xerarquia, particularmente de senso ético e humanístico. Moitos galegos posuen unha exquisita cultura inda sendo iletrados, pois a cultura non é somentes a que se espalla por meio da imprensa, senón tamen os coñecimentos que se transmiten de pais a fillos, que se aprenden no fogar, na familia, na tradición; no convívio cotián coa natureza na súa mais pura e xenuína comunicación. Ista verdade amóstrase doadamente en muitas das nosas aldeas e lugares que, non polo feito de vivir isolados de cáseque todo contacto cós núcleos urbáns, os cales se supón ser os únicos depositarios do acervo cultural, carecen dos coñecimentos básicos, empíricos si se quer, que son mester non somentes pra o seu normal vivir, senón ademais pra superar ós

moradores de moitas das nosas vilas e cidades en certos aspectos como acontece por exemplo coa torzeza física.

Veleiquei pois porque o "Plan Galicia", inda no suposto de quifora concretado, non poderá soerguer o nivel docente do noso pobo porque ademais de non enchei mais que unha parte moi cativiera das necesidades de Galiza no terreo da cultura primaria, secundaria e técnica; non se pode culturizar a un país escomezando polo intento de destruír os mais entranabéis atributos da súa sustantividade cultural.

A escola castelán que se imparte no país galego, cuido instrumento de expresión é o idioma oficial do Estado escravizador. alleo o noso meio, ten por principal ouxeto a destrucción da mentalidade autóctona e a superposición da cultura mesetana extranxeira e hostil ó ámbito mo que se ten de aplicar.

O neno galego ven sendo vítima dunha verdadeira mutilación psíquica por parte da escola a onde concurre, que debería ser o instrumento forxador dunha personalidade conscente de home e de cidadán dunha patria dina e respetel i-é pola contra axente dun colonialismo asovallador. Empriso atópase premido por un sistema educacional que parés tivera como único ouxetivo a degradación de todo. Todo o seu "mundo" emocional e físico, ven sendo ouxeto dunha contumece e sistemática sobestimación. Pra a cultura "oficial", Galiza carés de aconteceres históricos dinos de groriosa lembranza, pois cando se non ocultan, preséntanse de

xeito engamoso e convencional. O esgrevio idioma galego, pai do portugués e irmáa maior do castelán, empregado por Alfonso X, o único Rei sabio que tivo a Feinsua, por poetas de sonda universal e particularmente polo artífice de todo progreso, de toda riqueza, de todo benestar, o elemento traballador; tendónase calificado de rústico e vulgar. A Xeografía, a Flora, a Fauna; todo o dintorno físico onde o receptor do maxisterio se hachr mergullado, queda marxinado de todo programa educacional, como cousa cativiera indina de ter en coata. Galiza toda, coas particularidades que configuran a súa idiosincrasia nacional, sofre un permanente agravio na súa dinidade de país merescante de respeto e consideración.

Nos liñamentos do "Plán Galicia" que comentamos, o transnoidado colonialismo mesetano que escraviza ó noso país dende longa data, amosra unha vegada mais a estreita e fosilizada mentalidade que o caracteriza, o persistir no erro secular de querer uniformar por meio de leis e disposicións político administrativas, o que a natureza, a historia, a xeografía, etc.; fixo desemeillante variado... Pra eles non contan rón as conclusións dos estudosos da pedagogía moderna, que aconsellan como único xeito de culturizar a un pobo, o emprego do seu idioma vernáculo e a racional e xusta valoración dos seus atributos de cultura e tradición. Velahí pois na súa patolóxica teima uniformista o xermolo determinante do súa fracaso histórico.

"UNION DO POBO GALEGO" DEU UN MANIFESTO

As autoridades da agrupación política "Unión do Pobo Galego" (U.P.G.) fixeron coñocer a súa posición fronte á situación que vive a Terra, en vibrante manifesto espallado por toda Galiza.

"O POVO GALEGO ASOBALLADO POLO ESTADO ESPAÑOL"

"A represión que a dictadura franquista exerce sobor de todo los pobos que forman o Estado hespañol é particularmente dura no que fai a Galiza. A partir do «estado de excepción» son máis numerosas que nunca as detencións de nacionalistas galegos, a maioría dos cales seguen aínda sufrindo os métodos hitleríans da policía franquista. "Compre unha vez máis sinalar o papel valente dunha boa parte da intelixencia galega que loita pola emancipación nacional e social da nosa Terra. O catedrático e escritor Mendez Ferrín foi preso; o poeta Manóel María foi multado con 75.000 pesetas por mor de dar un recital na Universidade de Madrid..."

"O avance do nacionalismo galego nestes derradeiros anos; as loitas labregas de Castelo de Miño; os enfrontamentos dos estudantes de Compostela coa policía armada, cantando o Hino Galego; as innumerábeis inscricións nos muros pedindo a autodeterminación de Galiza; as accións dos obreiros de Vigo e do Ferrol; as ducias de mozos detidos ou procesados polas suas actividades patrióticas son mostradas dun vasto proceso que fai que Galiza coñeza nistes intres, unha toma de conciencia nacional como nunca se deu e, que responde doadamente a un proceso histórico.

"Os que asoballan a nosa Terra válense da emigración pra trataren de matar a Galiza como entidade diferenciada, ó tempo que empentan as talladas que lles levan os milleiros de galegos esplotados polo capitalismo internacional. Mais a emigración non se limita á mau de obra —simples obreiros, especialistas, técnicos e profesionais que non

atopan traballo na súa terra— senón que tamén comprende a dos recursos económicos: Emigración de capital, a maioría das veces a traveso das «Cajas de Ahorros» con inversións fóra do país i emigración das producións do país.

"Este estado de subdesenrolo económico e social no que se encontra Galiza non é froito da casoalidade.

"Non é froito da casoalidade que o sesenta por cento da produción hidroeléctrica de Galiza sexa exportada mentres que unhas 300.000 persoas carecen no país de luz i electricidade.

"Non é froito da casoalidade que a igrexa Católica non quixera aceptar a lingua galega na súa liturxia, pándose ó lado do Goberno hespañol na política de racismo lingüístico.

"Non é froito da casoalidade que a poboación de Galiza, que era en 1900 o 11 % da hespañola, sexa hoxe menos de 8 %. E non soio diminuiu na comparación senón tamen nas cifras absolutas.

"Non é froito da casoalidade que nos derradeiros 25 anos emigran do noso país 750.000 persoas.

"Non é froito da casoalidade, senón o froito dunha política sistemática de destrucción e morte de Galiza como pobo diferenciado.

"Hitler orgalzaba os xenocidios por meio das cámaras de gas; o imperialismo feixista hespañol faino por meio da morte moral i económica de Galiza, axudado por los oligarcas «galegos» —Barrié de la Maza, Barreras, etc.— e respaldado polo imperialismo yanqui. Non é máis que unha diferenza de métodos.

"Mais o pobo galego, —que xa demostrou a súa vontade de liberación cando no 36 aprobou o Estatuto de Autonomía por máis dun 85 % de votos— orgaizase cada día máis e, coa U.P.G. como vanguardia da loita popular de liberación nacional, resiste e resistirá tódolos ataques que lle lance a dictadura.

"¡¡¡ Viva Galiza Ceibe!!!"
"Unión do Pobo Galego (U.P.G.)."